






EXTRACTO DA  
**DECLARACIÓN DE INTEGRIDADE**

Acordo da Xunta do Goberno  
Local de Vigo do 12-3-2021



Plan de **INTEGRIDADE**  
na contratación pública  
Ética · Obxectividade · Eficacia



## Ética pública

1. Respecto á Constitución e ao conxunto do ordenamento xurídico.
2. Defensa e promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando calquera discriminación.
3. Valorar a diversidade e a riqueza da diferenza como fortaleza da institución.
4. Orientar toda actuación municipal á satisfacción dos intereses xerais da cidadanía.
5. Tratar a todas as persoas con respecto, dun xeito xusto e equitativo.

## Obxectividade

1. Actuar con fundamento en consideracións obxectivas, sen interferencia dos intereses persoais na toma de decisións públicas.
2. Adoptar decisións informadas, tomando en consideración todos os intereses en presenza e tomando en conta o coñecemento profesional.
3. Desempeñar imparcialmente as funcións, sen afetación polas creencias persoais.
4. Desenvolver de forma neutral as funcións da organización, con respecto ao principio democrático, dun xeito transparente, honesto e colaborativo para construír unha administración eficaz e eficiente.

## Eficacia

1. Actuar acorde cos principios de eficacia, economía e eficiencia, seguimento e avaliación.
2. Utilizar e coidar os recursos públicos de modo responsable, tanto a curto como a longo prazo.
3. Acadar a eficacia e eficiencia na xestión pública, racionalizando e optimizando os recursos públicos.
4. Incorporar a mellora continua da calidade nas políticas, programas e servizos municipais.
5. Valorar os efectos presentes e a longo prazo das accións municipais sobre as persoas e o medio ambiente.